

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2023/28	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria-Urxente
<b>Data</b>	08 de setembro de 2023
<b>Duración</b>	Dende as 13:19 ata as 13:36 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ
Paula María Fernández Pena	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Ratificación da urxencia da convocatoria</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de	

organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

**Expediente 416/2023. Licenza ou Autorización Urbanística. Cambio de material de cobertura na Igrexa parroquial de San Cristovo de Martixe**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

**ANTECEDENTES:**

1º.-Consta no expediente 416/2023 autorización de representación otorgada por **Don JOSÉ CATANGA**, a favor de Don JAVIER LÓPEZ TABOADA para a presentación de calquera documento ante o Concello de Silleda no referente á tramitación de solicitude de **Licenza de obras de ARRANXO DE CUBERTA** na parcela con Referencia Catastral R0020020000000001MQ, sita no lugar de Moa nº 2-Parroquia de Martixe-C.P. 36.546, Silleda-Pontevedra.

2º.- Consta no expediente "PROYECTO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE CUBIERTA" asinado o 26 de xaneiro de 2023 polo deseñador de interiores D. Javier López Taboada (GA-254 CODDIG), sen visar polo colexio oficial correspondente.

Como recolle a Arquitecta técnica da Deputación, Verónica Chaves González, trátase de un Proxecto básico, non existe a obrigatoriedade de visado en virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 05 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio.

Este proxecto inclúe:

- memoria descritiva e xustificativa,
- memoria urbanística,
- fotografías,
- memoria construtiva,

-planos  
-e orzamento.

3º.- Consta no expediente Autorización de Don José Mario Vázquez Carballo, Vicario Xeral da Diocese de Lugo, asinada o 31 de xaneiro de 2023.

4º.- Consta no expediente solicitude de licenza de obras asinada o 24 de febreiro de 2023, rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-220, aportan xunto coa solicitude:

-Proxecto de obras de conservación de cuberta  
-Autorización da Diócese de Lugo  
-Solicitude de autorización a Patrimonio  
-Solicitude a AESA  
-Solicitude á Deputación de Pontevedra.

5º.- Consta no expediente Acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas de data 14 de abril de 2023. Expediente G23-0112, polo que se autoriza o uso da grúa móvil condicionado a:

- ***“No superar los valores de altura y elevación indicados en las tablas anteriores para la grúa móvil, incluidos todos sus elementos o cualquier añadido sobre la misma.***

- ***Si la grúa móvil se solicita para llevar a cabo la construcción de una edificación o la instalación de un elemento, éstos deberán contar también con el acuerdo favorable de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea, según se indica en el art. 30 del Decreto 584/1972, de 24 de febrero, modificado por el RD 297/2013, de 26 de abril. Por tanto, se deberá cursar solicitud de autorización según el procedimiento reglamentario.***

- *Si es necesaria la utilización de otros medios auxiliares que superen la altura y elevación autorizadas, deberá solicitarse la correspondiente autorización de forma previa y preceptiva a su instalación, haciendo referencia a este expediente.*

*El incumplimiento de los puntos anteriores del condicionado que comprometa la seguridad y/o afecte a la regularidad de las operaciones del aeropuerto de Santiago - Rosalía de Castro supondrá la revocación y la pérdida de validez y legitimidad de la presente autorización y devengará la correspondiente responsabilidad contenida en la Ley 21/2003, de 7 de julio, de Seguridad Aérea, pudiéndose incoar, en su caso, el oportuno expediente sancionador.”*

6º.- Consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Servizo de Coordinación Cultural (Expediente 0795/23) para as obras de cambio de material de cobertura, en A Moa 2, Martixe, concello de Silleda, asinada o 28 de abril de 2023 pola Xefa de Servizo de Coordinación Cultural, Dona María José Echevarría Moreno, que resolve:

*“Autorizar as obras de cambio de material de cobertura, en A Moa 2, Martixe, concello de Silleda, coas seguintes condicións:*

- As tellas solaparanse un mínimo de 1/3 da súa totalidade.*
- As obras non afectarán ao volume nin estrutura da edificación, mantendo a mesma altura do cumio, a mesma pendente dos faldóns e as características dos beirís existentes.*
- Os encontros entre vertentes nos cumios resolveranse co propio material de cubrición.*
- Non se permite a instalación de novos canlóns ou baixantes.”*

**7º.-** Consta no expediente autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (expediente 2023012884), no que informa de que *“se autoriza o solicitado, de acordo coas seguintes condicións:*

*1. Autorízase*

***Obras de conservación e mantemento de cuberta na igrexa parroquial de Martixe, sen ocupación do dominio público viario e sen aumento de volume edificado nin modificación estrutural.***

*2. As obras que se van realizar serán de mera conservación e mantemento; non suporán unha consolidación da construción, unha reforma nin unha ampliación do volume edificado.*

*3. Calquera outro tipo de obra que se pretenda realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexa complementaria da autorizada, coma accesos, peches, canalizacións, cruzamentos subterráneos, acometidas, instalacións provisionais ou definitivas, entre outras, non deste servizo.*

*4. Non poderán verterse á calzada, ás beiravías, aos foxos, aos desmontes ou aos terrapléns da estrada as augas das choivas ou calquera outro produto ou material procedente da construción autorizada. Tampouco se poderá deixar maquinaria nin almacenar ningunha clase de materiais nos terreos comprendidos na zona de dominio público da estrada.*

*5. En todo momento o pavimento da estrada manterase limpo de barro, terra e materiais estraños. O terreo situado entre a obra e a estrada tamén deberá estar en correctas condicións de conservación e limpeza durante a obra; ao rematala, retiraranse todos os materiais sobrantes e os cascallos.*

*6. Adoptaranse as medidas oportunas para garantir, en todo momento, o libre curso das augas pola cuneta e polos elementos de drenaxe da estrada; así mesmo, constrúense os pasos provisionais necesarios para manter en perfectas condicións de funcionamento os elementos mencionados. Todas as obras auxiliares precisas para cumprir esta condición deberán demolerse unha vez finalizadas.*

*7. Durante a execución das obras tomaranse as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación, para o que se colocará a sinalización e o balizamento regulamentados na Instrución 8.3-IC sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas.”*

8º.- Consta **informe favorable** da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o 14/07/2023.

O informe favorable da arquitecta transcríbese a continuación:

“EXPEDIENTE: 416/2023

ASUNTO: Cambio de material de cobertura na Igrexa parroquial de San Cristovo de Martixe

SITUACIÓN: Lg. A Moa 2, Martixe Silleda, Pontevedra (Referencia catastral R0020020000000001MQ)

SOLICITANTE: José Catanga

TÉCNICO: Javier López Taboada (Deseñador interiores colexiado nº 254)

*Vista a documentación que integra a solicitude de licenza urbanística recollida no expediente nº 416/2023; incoado por Don José Catanga, para o Cambio de material de cobertura na Igrexa parroquial de San Cristovo de Martixe sita no Lg. A Moa 2, Martixe Silleda, Pontevedra (Referencia catastral R0020020000000001MQ); informo:*

#### 1. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (En adiante LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (En adiante RLSG)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana

#### 2. INFORME:

- De conformidade coas determinacións aplicables e nos termos dos art. 142 e 143 da LSG e art. 348, 352 a 358 RLSG, pásanse a analizar a continuación, as determinacións esixibles ao control municipal dos actos de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo suxeitos a licenza municipal.

##### 2.1. Documentación presentada polo interesado:

- "Proxecto de obras de conservación de cuberta" de setembro de 2022, asinado polo deseñador de interiores D. Javier López Taboada (Deseñador interiores colexiado nº 254), sen visar polo colexio oficial correspondente. (Proxecto básico, non obrigatoriedade de visado en virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 05 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio).

Este proxecto inclúe: memoria descritiva e xustificativa, memoria urbanística, fotografías, memoria construtiva, planos e orzamento.

### 2.2. Análise contido proxecto:

- \_ A entidade das obras a realizar, resulta, a teor dos art. 142.2.a).b) da LSG, do 351.1.a).b) do RLSG e do art. 2.2.c) da Lei 38/1999 do 5 de novembro, de ordenación da edificación, unha intervención suxeita ao réxime de licenza urbanística municipal, por tratarse dunha intervención nun inmovible catalogado. Procedemento de tramitación conforme ao recollido nos art. 143 LSG e art. 352 a 359 do RLSG.


- O art. 353 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. (RLSG), regula no apartado f) o seguinte, respecto do contido da solicitude de licenza: "Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo." Cuestión que dado a entidade das actuacións solicitadas, enténdense cumprimentadas coa documentación achegada.

### 2.3. Obras proxectadas:

As obras proxectadas responden obras de conservación e mantemento sobre a cuberta da Igrexa parroquial de San Cristovo de Martixe.

Resumidamente, segundo proxecto "Las obras pretendidas pretenden acometer el mantenimiento de la iglesia. Las obras de mantenimiento consistirán en la sustitución de la teja cerámica curva existente, actualmente deteriorada, por otra nueva (...) Para la reparación de la cobertura de tejas sobre cubierta inclinada, se retirará la teja cerámica curva existente, así como dos tramos de canalón de pvc, con traslado a vertedero autorizado. Posteriormente se colocará la nueva teja cerámica curva color rojo tradicional, colocada mediante ganchos de sujeción y espuma de poliuretano, poniendo especial atención en los encuentros y remates."

### 2.4. Cumprimento das previsións da normativa urbanística vixente:



a. Réxime legal do solo

*A parcela onde se localiza a edificación está clasificada no planeamento municipal vixente como solo rústico de especial protección, dentro das categorías de protección patrimonial e de protección de infraestruturas. De conformidade co previsto nos artigos 36.2 da LSG, e 51.2 do RLSG, no solo rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.*

Afección sectorial:


*1. A parcela está incluída na zona de protección da estrada EP- 6504 Negreiros – Carboeiro de titularidade provincial, polo que resulta de aplicación a lexislación sectorial na materia (Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia), especialmente no que se refire ás delimitacións das zonas de dominio público, servidume, afección e liña límite de edificación, así como, o réxime de autorizacións por parte do Organismo titular da vía, previsto na devandita lexislación para calquera tipo de obras, instalacións ou cambios de usos. Así como as determinacións do PXOM en vigor, artigos 385 a 388 da normativa municipal. Conta con autorización por parte do administrador titular da vía, autorización do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais do 01.03.2023, en expediente número 2023012884, cunha serie de condicionantes que se deberán observar en todo caso.*

*2. A intervención realízase sobre a Igrexa parroquial de San Cristovo de Martixe. Este ben está incluído no Catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal na ficha número 18.01, con nivel de protección integral. Segundo o artigo 30.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, os bens inmoebles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, intégranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, sometido ao réxime xurídico de protección aplicable a estes. En virtude do artigo 39.1 da Lei 5/2016 do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPC), as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que nela se establecen. Acompañan neste senso autorización favorable por parte da DXPC en Resolución do 28.04.2023 cunha serie de condicionantes que se deberán observar en todo caso (Expediente número 0795/23).*

*3. A parcela atópase na zona de afección da servidume aeronáutica do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro, conforme o RD 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago (BOE núm. 216, do 8 de setembro de 2017). Polo que, en virtude do art. 30 do Decreto 584/1972 do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, modificado polo RD 297/2013, do 26 de abril, é necesario previo acordo favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) para a autorización de construcións, instalacións ou plantacións nos espazos e zonas afectadas polas servidumes aeronáuticas ou que poidan constituír un obstáculo. (Necesidade en solicitude de informe tamén esixida no artigo 275 das normas urbanísticas do PXOM en vigor). Achega autorización por AESA en expediente número G23-0112 para utilización de uso de grúa móbil, cunha serie de condicionantes que se deberá observar en todo caso.*

**b. Compatibilidade planeamento obras:**

Tal como se indicou anteriormente, as obras a executar, realízanse sobre a Igrexa parroquial de San Cristovo de Martixe; ben catalogado, con nivel de protección integral (Ficha catálogo PXOM número 18.01).



**ALFONSO BOTANA**  
Catálogo de elementos a protexer ou recuperar  
Aprobación definitiva: 04/03/2014, 20230331/01 | Marzo 2013

PLANO XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL  
**SILLEDA**

Escala: 1:5.000  
Página 247 de 474  
Código do elemento: **18.01**

Denominación: **Igrexa parroquial de San Cristovo**  
Localización: **Martixe de Arbio**  
Parroquia: **P. de Martixe (San Cristovo)**

Coordenadas (UTM):  
X: 448797 | Y: 4610000

Denominación ou nome de aplicación:  
**Patrimonio cultural**

Clasificación do ben:  
**Catálogo**

Nivel de protección do ben:  
**Integral**

Obras permitidas:  
**As permitidas segundo o nivel de protección.**

Delimitación para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación:  
**Mellores e conservación do ben.**

Estado de conservación:  
**Bo**

Descrición do ben:  
Igrexa de planta rectangular. Muros exteriores de calcarenosa. Cuberto o teito augas formado por armazón de madeira e cuberta de tello curvo. Portos de acceso abocinados. Fachos rectangulares con ventáns en dintel e decoración dintelada no porta-fachos, visto en arco apuntado con molduras no interior desde as fachas de arco en gable. Escaleras de acceso a separación no lateral do cuberto do torre. Vento de dúas coxas, o primeiro con remate abocinado e dúas coxas onde se abren os cornios, sobre o mesmo arco de medio punto con cornios e chuf de pedra no cornio. Situado no bordo do remate do espaldar que atravesa o núcleo de Martixe de Arbio. Ambiente rural formado por prados, terras de cultivo e edificacións feitas segundo tradicións como de novo construción.


**CLASIFICACIÓN DO SOLO**

SIPTA	SIPTC	SIPTD	SIPTF	SIPTG	SIPTH	SIPTI	SIPTJ	SIPTK	SIPTL	SIPTM	SIPTN	SIPTO	SIPTP	SIPTQ	SIPTR	SIPTS	SIPTT	SIPTU	SIPTV	SIPTW	SIPTX	SIPTY	SIPTZ
-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------

**PATRIMONIO CULTURAL**

IC	IC-1	IC-2	IC-3	IC-4	IC-5	IC-6	IC-7	IC-8	IC-9	IC-10	IC-11	IC-12	IC-13	IC-14	IC-15	IC-16	IC-17	IC-18	IC-19	IC-20	IC-21	IC-22	IC-23	IC-24	IC-25	IC-26	IC-27	IC-28	IC-29	IC-30	IC-31	IC-32	IC-33	IC-34	IC-35	IC-36	IC-37	IC-38	IC-39	IC-40	IC-41	IC-42	IC-43	IC-44	IC-45	IC-46	IC-47	IC-48	IC-49	IC-50	IC-51	IC-52	IC-53	IC-54	IC-55	IC-56	IC-57	IC-58	IC-59	IC-60	IC-61	IC-62	IC-63	IC-64	IC-65	IC-66	IC-67	IC-68	IC-69	IC-70	IC-71	IC-72	IC-73	IC-74	IC-75	IC-76	IC-77	IC-78	IC-79	IC-80	IC-81	IC-82	IC-83	IC-84	IC-85	IC-86	IC-87	IC-88	IC-89	IC-90	IC-91	IC-92	IC-93	IC-94	IC-95	IC-96	IC-97	IC-98	IC-99	IC-100
----	------	------	------	------	------	------	------	------	------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	-------	--------

**IMAXES DE REFERENCIA**



- As obras permitidas nesta edificación, de conformidade co nivel de protección e coa ficha particular, refírense a, de conformidade co apartado 2 do artigo 424 da normativa do PXOM: "De conformidade co disposto no Art. 42.1 LPCG serán actuacións autorizables en elementos con nivel de protección integral as seguintes:

a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e restauración.

b) As de rehabilitación poderán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garantan a súa conservación e o acceso público ao mesmo."

- As obras pretendidas levar a cabo, de renovación de material de cobertura, teñen encaixe, de conformidade coas definicións do artigo 431, dentro de obras de CONSERVACIÓN: "Son aquelas medidas e accións dirixidas a que os bens conserven os seus características e os seus elementos en adecuadas condicións, que non afecten á súa funcionalidade, ás súas características formais ou ao seu soporte estrutural, polo que non suporán a substitución ou a alteración dos seus principais elementos estruturais ou de deseño, pero si actuacións no seu ámbito co obxecto de evitar as causas principais da súa deterioración." Polo que resultan de obras compatibles coas determinacións



urbanísticas aplicables (Artigo 398.- Condicións de uso do solo rústico de protección de patrimonio cultural), así como o réxime de protección ao que se atopa suxeito a edificación.

### **CONCLUSIÓN:**

Á vista da documentación presentada, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para o cambio de material de cobertura na Igrexa parroquial de San Cristovo de Martixe, sita no Lg. A Moa 2, Martixe Silleda, Pontevedra (Referencia catastral R0020020000000001MQ), de acordo ao Proxecto presentado asinado polo deseñador de interiores D. Javier López Taboada (Deseñador interiores Colexiado nº 254); sempre que se observen as seguintes condicións:

1. Manterase as dimensións, pendentes, volume e forma actual da cuberta, e non se modificará a solución dos beirís e cornixa existentes.
2. Seguirase o preceptuado nos condicionantes das autorizacións sectoriais outorgadas, en especial Resolución do 28.04.2023 da DXPC.

O que se informa aos efectos oportunos.  
Pontevedra, na data da sinatura dixital  
A arquitecta técnica  
Verónica Chaves González”

9.- Consta informe xurídico asinado pola Secretaria municipal o 07/09/2023.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

#### **PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS**

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

#### **SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA**

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

**a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.**

**b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.**

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

**TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS** (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine

regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

**CUARTO.-** Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no **solo rústico de especial protección** será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

**QUINTO.-** A Orde do 5 de xuño de 2001 pola que se aclara a inclusión do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras na letra B) do apartado 1 do artigo IV do Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos, do 3 de xaneiro de 1979, que recolle os criterios que xa sinalara o TS nas súas Sentenzas do 17 de maio de 1999, do 19 de marzo de 2001, do 31 de marzo de 2001 e do 3 de outubro de 2003, dispón no seu apartado 1º que o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras -ICIO-, está incluído entre os impostos reais ou de produto a que fai referencia a letra B) do apartado 1º do art. IV do Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos, do 3 de xaneiro de 1979.

Pois ben, o texto do citado art. IV, apartado 1.B), do Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Asuntos Económicos, é o seguinte:

- “1. A Santa Sede, a Conferencia Episcopal, as dioceses, as parroquias e outras circunscricións territoriais, as Ordes e Congregacións relixiosas e os Institutos de vida consagrada e as súas provincias e as súas casas terán dereito ás seguintes exencións:
- (...) B) Exención total e permanente dos impostos reais ou do produto, sobre a renda e sobre o patrimonio.
- Esta exención non alcanzase aos rendementos que puidesen obter polo exercicio de explotacións económicas nin aos derivados do seu patrimonio, cando o seu uso áchese cedido, nin ás ganancias do capital, nin tampouco aos rendementos sometidos a retención na fonte por impostos sobre a renda.”

Como se observa, a exención do ICIO implica a exención total e permanente da Conferencia Episcopal, as dioceses, as parroquias e outras circunscricións territoriais, as Ordes e Congregacións relixiosas e os Institutos de vida consagrada e as súas provincias e as súas casas, coas seguintes excepcións:

- Os rendementos que se obteñan polo exercicio de explotacións económicas. - Os rendementos derivados do seu patrimonio, cando o seu uso áchese cedido.
- As ganancias do capital.
- Os rendementos sometidos a retención na fonte por impostos sobre a renda.

Por tanto, se a obra cumpre os requisitos expostos está exenta do ICIO. Agora ben, non podemos dicir o mesmo da taxa por licenza de obras, que non pode entenderse incluída na normativa xa

exposta, salvo que exista expresa bonificación.

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a **Don JOSÉ CATANGA**, Licenza de obras de **ARRANXO DE CUBERTA, cambio de material de cobertura na Igrexa parroquial de San Cristovo de Martixe**, parcela con Referencia Catastral R0020020000000001MQ, sita no lugar de Moa nº 2-Parroquia de Martixe-C.P. 36.546, Silleda-Pontevedra; de acordo ca documentación que deu lugar ó informe favorable da arquitecta técnica, Verónica González Chavez, na data 14 de xullo de 2023.

**SEGUNDO.-** A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente. Así deberá respetar as seguintes condicións:

1. Manterase as dimensións, pendentes, volume e forma actual da cuberta, e non se modificará a solución dos beirís e cornixa existentes.

2. Seguirase o preceptuado nos condicionantes das autorizacións sectoriais outorgadas, en especial Resolución do 28.04.2023 da DXPC.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

**Expediente 1897/2019. Licenza ou Autorización Urbanística. Legalización e adecentamento de edificación existente para destinala a galpón agrícola para resguardo de maquinaria e apeiros de labor.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de

maio de 2023).

#### **ANTECEDENTES:**

**1º.-**Consta no expediente autorización realizada por Don **RAMIRO GIADÁS CASAL**, titular do Documento Nacional de Identidade nº 36.136.519-T, a favor de Don Ramón Moreira García, Ingeniero Técnico Agrícola, para a presentación telemática do proxecto de **legalización de edificación existente, para destinala a galpón de usos agrícolas de garda de apeiros agrícolas e maquinaria** no lugar de Cruz, parroquia de Chapa, Concello de Silleda-Pontevedra.

**2º.-** Consta no expediente solicitude de licenza de legalización asinada por Don Ramiro Giadás Casal, presentada con R.E. 2019-E-RE-380 de 29 de outubro de 2019. Aporta:

- unha copia de proxecto técnico escaneado, asinado por Don Ramón Moreira García, Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado nº 1666.
- solicitude de autorización ó Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural e o xustificante de habela presentado.

**3º.-** Con rexistro de entrada neste Concello nº 2019-E-RC-5226, de data 19 de novembro de 2019, apórtase autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, có código AESASRVAISA000BI3J3CK9E0VTRDA.

**4º.-** Con rexistro de entrada neste Concello nº 2019-E-RE-420, de data 26 de novembro de 2019, preséntase o informe favorable de Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Pontevedra.

**5º.-** Consta no expediente, con rexistro de entrada neste Concello nº 2022-E-RE-10, de data 07 de xaneiro de 2022, Proxecto modificado escaneado de legalización de edificación existente, para destinala a galpón de usos agrícolas de garda de apeiros agrícolas e maquinaria no lugar de Cruz, parroquia de Chapa, Concello de Silleda-Pontevedra, asinado por Don Ramón Moreira García, Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado nº 1666, o 29 de marzo de 2021.

Có mesmo número de rexistro aportan a notificación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), na que se determina que no proxecto asinado en outubro de 2019:

- O réxime aplicable á parte é o indicado na LSG para o solo rústico de protección agropecuaria.
- O uso proposto para a edificación obxecto do expediente (almacén agrícola) considérase axustado ao permitido segundo o artigo 36.1 da LSG, en relación ao 35.1.g.
- Non se pode entender xustificada a legalización dunha soleira de 253,30 m2 para acceso de maquinaria agrícola ao interior dun galpón.
- O número, tamaño e disposición dos ocos nas fachadas non se considera axustado ao uso pretendido, respondendo ás características do uso anterior.
- A edificación grafada no proxecto non cumpre co esixido no artigo 39 da LSG en relación aos acabados da cuberta e alzado frontal.
- A edificación proposta non cumpre coas normas de aplicación directa da LSG xa que non presenta un acabado propio de cuberta e de fachada.

6º.- Consta informe do Arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, asinado o 30/06/2022, no que se advirten unha serie de eivas que se lle trasladan ó interesado mediante requirimento de data 19 de xullo de 2022.

As deficiencias que o técnico municipal pon de manifesto do proxecto son as seguintes:

***“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presenta certas eivas que deberán ser emendadas previamente á concesión de licenza municipal de obra, en concreto os puntos que se sinalan a continuación:***

*Deberanse aportar os seguintes documentos:*

- Memoria xustificación das cores empregados segundo a **Guía de Cor e Materiais de Galicia**
- Oficios de dirección, de dirección de execución e de coordinación en materia de seguridade e saúde.
- Compromiso de execución dos servizos e de inscrición no rexistro da propiedade cuberto e asinado pola persoa promotora, modelo que se pode descargar no enlace: <https://silleda.es/wp/wp-content/uploads/2018/10/Compromiso-de-execuci%C3%B3n-dos-servizos-e-de-inscripci%C3%B3n-no-rexistro-da-propiedade-1.doc>

***A documentación que forme parte do proxecto de execución entra no ámbito de aplicación do Real Decreto 1000/2010, sobre visado colexial obrigatorio, polo que se deberá aportar copia visada da mesma.”***

7º.- Con rexistro de entrada neste Concello nº 2022-E-RE-1099, de data 09 de setembro de 2022, o interesado achega:

- contestación ó requirimento
- xustificante de pago das taxas
- compromiso de execución dos servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade
- memoria xustificativa de cores

8º.- Con rexistro de entrada neste Concello nº 2022-E-RE-1341, de data 14 de novembro de 2022, apórtase o nombramento visado de Dirección de execución de reforma e Coordinador de Seguridade (CVE: 2744U246W688).

9º.- Consta **informe favorable** do Arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, asinado o 21/11/2022.

As conclusións do informe favorable do arquitecto municipal recóllese a continuación:

***“En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Legalización e adecentamento de edificación existente para destinala a galpón agrícola para resguardo de maquinaria e apeiros de labor solicitada, dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás***

**limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais sinalados nos puntos 21 e 22 deste informe e que constan no expediente 1897/2019, se ben para o inicio da actividade e con posterioridade á concesión de licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, xunto con toda a documentación regulamentaria.**

Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:

c. **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

d. **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**

e. **Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.**

Por outra banda, cómpre lembrar a **obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela**, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o impacto visual da construción.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, **“Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelo-cartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.”**

10º.- Consta informe favorable da Secretaria municipal asinado o 08/09/2023.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:

### PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**



A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

## **SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA**

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas**:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

**a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.**

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «*actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación*», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do

26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

*"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.*

*b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.*

*c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."*

Como así menciona o arquitecto municipal no seu informe, a incoación deste expediente ten a súa orixe na reposición da legalidade derivada das actuacións da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), o que fai necesario mencionar, no que á legalización se refire, debemos ter en conta que segundo establece a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente.

Con todo, poden darse situacións nas que se leven a cabo ese tipo de actuacións sen contar coa correspondente licenza infrinxindo, polo tanto, a legalidade. Neses casos entra en xogo a posibilidade de levar a cabo unha legalización das actividades.

De conformidade co disposto no artigo 153 da citada Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, se estivesen acabadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar dende o remate total das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior (154). Tomarase como data de remate das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

A iso engade o artigo 377 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia que se considera que son *obras totalmente rematadas aquelas que se atopan dispostas para servir ao* fin ao que estivesen destinadas e en condicións de ser ocupadas sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo, cando así o recoñeza a Administración actuante.

Este Regulamento completa e pecha a regulación en materia de urbanismo na Comunidade Autónoma de Galicia, supoñendo, tal e como sinala a súa exposición de motivos, por primeira vez

unha normación íntegra de todos os aspectos relacionados co réxime xurídico do solo, o planeamento, a xestión e a disciplina urbanística.

Iso implica que o Regulamento pasa a incorporar integramente todas aquelas cuestións que ata a súa publicación se aplicaban nesta Comunidade Autónoma e que estaban contidas nos regulamentos de planeamento e xestión urbanística estatais, os cales quedaron relegados a un papel practicamente testemuñal como dereito supletorio para o improbable caso de que a regulación galega presente algunha carencia normativa.

### **TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS**

(artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do

30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.

• A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

Polo que se refire ao procedemento a seguir en relación coas obras rematadas que poden ser obxecto de legalización, debemos tomar en conta que, de conformidade co Decreto 143/2016, do 22 de setembro, o procedemento iniciase mediante unha providencia da alcaldía que debe ser notificada aos interesados a fin de que poidan expor, fronte a dita incoación, as alegacións que consideren de interese. Neste caso, a raíz do expediente iniciado pola APLU, foi o propio interesado o que presentou a documentación coa finalidade de legalizar a obra realizada.

Posteriormente, tramitado o expediente e previa audiencia aos interesados; de conformidade co art. 152.3 b) da Lei 2/2016, ao que remite o art. 153.1 da mesma norma:

*"se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase o derrubamento das obras á conta do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que desen lugar".*

**CUARTO.-** Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenrolo dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei

2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

**Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 27 de xuño de 2023, ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a Don **RAMIRO GIADÁS CASAL**, a **licenza de legalización e adecentamento de edificación existente para destinala a galpón agrícola para resguardo de maquinaria e apeiros de labor**, sita no lugar de Cruz, parroquia de Chapa, Concello de Silleda-Pontevedra, (Referencia catastral 36052C502001130000TO); de acordo ca documentación que deu lugar ó informe favorable do arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, na data 21 de xuño de 2022.

**SEGUNDO.-** A licenza otórgase **deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, e **CONDICIONADA** ás previsións **dos informes técnicos e sectoriais** que figuran no mesmo expediente.

**Se ben para o inicio da actividade e con posterioridade á concesión de licenza municipal de primeiro uso ou ocupación será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial, xunto con toda a documentación regulamentaria.**

Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:

- **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**
- **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**
- Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Por outra banda, cómpre lembrar a **obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela**, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o impacto visual da construción.

Por outra banda, cómpre lembrar a **obriga da plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela**, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, segundo establece o artigo 39.d.7 da LSG e 61.7 do Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, de xeito que se atenúe o

impacto visual da construción.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel** (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelo-cartel-de-obra/>) **indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.**

**TERCEIRO.**- De non telo feito xa, o interesado deberá aboar os impostos e taxas correspondentes.

**CUARTO.**-Notificar o presente acordo ao interesado.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE